



Hai trinta anos, a Asemblea Xeral da ONU, na súa resolución 45/106, designou o 1.º de outubro como Día Internacional das Persoas de Idade, data que os sindicatos UGT e CCOO levamos celebrando e reivindicado durante todo ese tempo.

Este ano é extraordinariamente diferente xa que nada temos que celebrar e si moito que recordar. Especialmente, debemos lembrar a perda durante este ano, segundo os datos oficiais, de máis de 20 000 persoas maiores a causa da pandemia da COVID-19; perda debida, sen dúbida, á falta durante anos de acción, de previsión e prevención das distintas administracións, tanto desde o Goberno central como desde os gobernos autonómicos.

Debemos aproveitar a conmemoración deste día para lograr a visibilidade necesaria das importantes contribucións que as persoas maiores realizamos ao avance da nosa sociedade. Debemos aproveitar este momento para crear conciencia interxeracional sobre as diferentes oportunidades e, tamén, os desafíos do envellecemento activo no noso mundo.

O 1.º de outubro debemos vivilo como día de reivindicación, de mobilización do noso colectivo para, unha vez máis, traer ao primeiro plano da escena política as diferentes solucións que formulamos aos noso problemas.

A primeira delas (e sen dúbida a primeira gran lección que extraemos da situación de pandemia que vive o país) é a falta de vontade política dos actuais servidores públicos para encarar a problemática do noso colectivo. É imprescindible iniciar o debate que debe levarnos a formalizar inescusablemente unha lei integral dos dereitos das persoas maiores; a súa resolución, a día de hoxe, xa é ineludible.

Por iso as Federacións de Pensionistas de CCOO e de UGT denunciámos que, aínda que se fala moito de que as persoas maiores debemos envellecer activamente, a realidade é que as Administracións públicas non cumpren coa obriga de dedicar os recursos económicos e materiais necesarios para que teñamos cubertas todas as nosas necesidades.

En España, durante anos, pero especialmente nos posteriores ao inicio da crise económica do 2009, implantáronse baixo o criterio da austeridade unha serie de políticas públicas e recortes orzamentarios que causaron a deterioración do sistema público de saúde. Esta deterioración ten un impacto negativo para a poboación en xeral, pero moi singularmente para as persoas maiores, que precisamos en maior medida o acceso aos servizos sanitarios. A limitación da cobertura do modelo sanitario de atención asistencial universal e os seus recursos foi unha das principais consecuencias. Estes recortes de dereitos en sanidade e recursos sanitarios, xunto co encarecemento dos gastos sanitarios para os fogares, ocasionaron o empeoramento da calidade de vida, nun contexto de envellecemento da poboación, cunha maior prevalencia de enfermidades crónicas e, en consecuencia, cunha necesidade crecente de gasto en sanidade e novas terapias.

A degradación do sistema de saúde público é especialmente visible coa pandemia da COVID-19, pois resultou nunha crise sanitaria en toda España. Se ben a pandemia se produciu a escala mundial, as limitacións dos recursos médicos e sanitarios no caso de España condicionou a capacidade de resposta. Nestes meses, fíxose evidente a falta de marxe para evitar os contaxios, rastrexar os existentes e mitigar o número de defuncións.

Igualmente, a capacidade de resposta do sistema de atención á dependencia ante a crise sanitaria

resultou manifestamente débil. No caso das residencias de maiores, parécenos moi importante categorizar e actuar en función da exposición ao virus para facilitar o illamento, a atención médica nas propias residencias para os casos menos graves e a derivación aos hospitais dos casos máis graves.

Canto á atención a domicilio, ademais dos protocolos de prevención para os e as profesionais, incidimos na necesidade de identificar as persoas con maiores necesidades de atención e priorizar as atencións consideradas imprescindibles en cada caso para así poder reorganizar os recursos. Ínstase a que sexan os e as asistentes sociais pertencentes ás respectivas consellerías de servizos sociais quen, no marco dunha adecuada coordinación sociosanitaria e baixo a dirección dos servizos públicos de saúde, valoren as situacións persoais e sociais das persoas usuarias, e non as empresas.

Queremos recalcar a urxencia de revertir os recortes iniciados no 2012 no Sistema de Atención á Dependencia para recuperar e incrementar a intensidade das prestacións, así como a incompatibilidade existente na práctica entre moitas delas. Doutra banda, compre anular o aumento dos copagos, reducir as solicitudes pendentes de valoración e as listas de espera, supervisar o cumprimento dos requisitos de calidade e garantir a transparencia do sistema. En definitiva, esiximos a derogación do RD 20/2012, que supuxo en boa medida, de feito, o desmantelamento da lei de dependencia, recuperando e reforzando os seus obxectivos orixinais.

Desde que se configurara o sistema de pensións en España, fóronse sucedendo diversas reformas que abordaban a constante tensión entre asegurar a suficiencia das prestacións e a sostibilidade do sistema. Nas sucesivas reformas (1985, 1997, 2002, 2007 e 2013), a tensión foi *in crescendo* dado o contexto de envellecemento, o acceso de máis persoas á situación de pensionistas e con dereito a mellores pensións en contraste cunha maior precarización laboral e, polo tanto, menores achegas ao sistema.

A maior parte das reformas aplicadas ao sistema público de pensións foron resultado do acordo no marco do diálogo social, a excepción das dos anos 1985 e 2013. Está demostrado que cando as reformas se dan con acordos, garántese o futuro do sistema.

Non podemos esquecer a desigualdade laboral ao longo da vida, pois plásmase claramente na fenda existente nas pensións. Tanto o tipo de pensión como as súas contías colocan as mulleres nunha posición visiblemente peor ca a dos homes. Antes da crise, xa se observaba que as condicións laborais e os distintos niveis de corresponsabilidade social repercuten na contía das futuras pensións e manteñen a desigualdade no acceso a elas e na súa determinación. As políticas para evitar e afrontar as consecuencias que a crise económica e de coidados teñen nas condicións de traballo, renda e vida das mulleres deben ter un papel protagonista para evitar a fenda existente.

Por todo isto, hoxe, 1 de outubro, as Federacións de Pensionistas e Xubilados de UGT e de CCOO reclamamos ao Goberno e ao conxunto das Administracións e poderes públicos, o seguinte:

1. O desenvolvemento e implantación de políticas públicas en materia de promoción da saúde e atención sociosanitaria é imprescindible para garantir o envellecemento de forma activa, xa que afecta de forma directa á deterioración da saúde e as capacidades autónomas das persoas maiores.
2. Faise cada día máis imprescindible situar o gasto sanitario público en, como mínimo, o 7,2 % de PIB, algo que levamos anos reivindicando. Ese incremento no financiamento debe ir parello ao

incremento do gasto sanitario en atención primaria ata o 25 % do total do gasto sanitario, para conseguir achegar á poboación os servizos sanitarios e dar máis capacidade resolutiva á atención primaria.

3. Que se protexa as persoas maiores da COVID-19. Para isto hai que traballar considerando tres situacións diferentes na poboación maior: persoas maiores autónomas, persoas que requiren axuda a domicilio e persoas residentes en centros de maiores.

O primeiro caso require illamento e prevención primaria, pero os outros dous casos precisan dunha aposta polo establecemento de criterios comúns estatais, amparando os dereitos de atención á dependencia e a saúde pública mediante o procedemento de cooperación interadministrativa que regule criterios claros de actuación, que deberán aplicar tanto as administracións competentes como as empresas do sector e os seus traballadores e traballadoras.

4. Cómpre máis capacidade de resposta do Sistema de Atención á Dependencia ante a crise sanitaria, pois resultou manifestamente débil. Desde 2012, o desenvolvemento do sistema foise asentando sobre unha fragilidade que quedou patente os últimos anos. Potenciar o sistema sobre o eixe crucial da calidade é clave para afrontar os meses que están por vir. Para iso hai que garantir unha atención integral, potenciando a autonomía persoal e tendo capacidade de reacción fronte a posibles gromos; isto require unha mellora da coordinación sociosanitaria, con protagonismo da atención primaria e da atención xeriátrica e xerontolóxica. Cómpre recalcar a relevancia de reorganizar os centros de atención ás persoas dependentes adecuando os seus recursos e espazos en función do grao de dependencia e baixo a dirección e inspección dos servizos públicos de saúde.

5. Aínda que a revalorización das pensións vén recollida no artigo 50 da Constitución como un principio reitor da política económica do país, o certo é que a única fórmula de revalorización automática que garantía por lei o mantemento do poder adquisitivo das pensións foi a nacida do Acordo de Pensións de 1996, alcanzado no seo do diálogo social e que se concretou nunha nova fórmula de revalorización na Lei Xeral de Seguridade Social ligada entón á inflación, e que estivo vixente ata a reforma unilateral imposta polo Goberno do PP en 2013. Se o Goberno non derroga a reforma de pensións do 2013, o 1 de xaneiro do 2021 volverase á fórmula do IRP (0,25 %) e iso non o podemos permitir, mesmo nunha conxuntura de inflación moi moderada como a actual.

6. Cada día urxe máis chegar a un acordo na Comisión do Pacto de Toledo para que, sobre a base do diálogo e o acordo social e político amplo, se poñan en marcha as medidas necesarias para garantir a sostibilidade do sistema público de pensións no presente e no futuro, se recupere o índice de revalorización das pensións e se pacte no marco do diálogo social.

7. Os partidos políticos deben ter en conta que o colectivo de persoas maiores é moi vulnerable a políticas de recortes, e máis cando estamos pasando, en demasiadas ocasións, a converternos en sustentadoras principais (en ocasións, únicas) das seguintes xeracións, pois as pensións supoñen a principal fonte de ingresos de máis do 25 % dos fogares.

8. É necesario abordar as desigualdades ao longo de todas as etapas da vida. As políticas públicas deben garantir o exercicio efectivo dos dereitos e asemade promover a redistribución da riqueza, pois existe marxe para mellorar a contribución fiscal, así como para conseguir un sistema fiscal máis xusto, no que haxa unha repartición máis equilibrada dos esforzos; sen isto, as desigualdades económicas e sociais experimentadas ao longo da vida trasládanse á vellez, como sucede coas fendas de xénero no traballo, o coidado e as pensións.

9. É imprescindible que o diálogo social recupere un papel protagonista con vistas aos retos que representa a COVID-19, coa necesidade de máis recursos para protexer a calidade de vida dos nosos maiores e os riscos de posibles novas tensións nos sistemas sociosanitarios durante os próximos meses ou incluso anos. Pero máis a longo prazo, un diálogo social fortalecido é crucial para encarar colectivamente os desafíos que implican procesos estruturais como o envellecemento ou os impactos sobre o emprego da dixitalización da economía e as súas repercusións sobre a sostibilidade do estado do benestar. Pois as políticas sociais teñen que cumprir o seu obxectivo final, que non é outro que axudar os colectivos máis desfavorecidos e cubrir as súas necesidades básicas en alimentación, sanidade e vivenda, entre outras.

10. Propoñemos iniciar o debate necesario para plasmalo nunha futura lei integral de dereitos das persoas maiores. Esta lei debe garantir unha protección específica aos maiores e incluír os ámbitos da saúde, a vivenda, a protección social e económica, a protección xurídica, a cultura ou o ocio...

- Garantir a protección e o exercicio dos dereitos das persoas maiores.
- Garantir a non discriminación por razón de idade, a igualdade de oportunidades e a atención prioritaria en situacións de máxima vulnerabilidade.
- Garantir a visibilidade e a participación activa dos maiores en todos os ámbitos da vida pública: social, política, económica, xurídica, privada ou familiar, e sempre baixo unha perspectiva interxeracional.
- Considerar o feito do envellecemento como un logro obtido polos avances científicos e técnicos do coñecemento humano e, á vez, como un reto para conseguir que durante o tempo que se prolongue a vida se garanta a súa mellor calidade.

Por todo isto, se non se teñen en conta as nosas propostas no desenvolvemento de políticas públicas e cunha maior dotación de recursos para mellorar o sistema de saúde e dependencia, o financiamento das pensións, a aplicación transversal da perspectiva de xénero e a reformulación do sistema produtivo e fiscal, as persoas pensionistas e xubiladas, co conxunto da sociedade organizada, seguiremos mobilizándonos ata conseguilo.

Federacións de Pensionistas e Xubilados de UGT e de CCOO